



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Ciencias

Curso Académico: 2015/2016

Índice

1. Introducción	2
1.1 Compromiso da Facultade de Ciencias co desenvolvemento do SGIC	2
1.2 Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade	2
1.3 Estrutura da Facultade de Ciencias para o desenvolvemento do SGIC	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	5
2.1 Directriz 1.- Política e obxectivos de calidade	6
2.2 Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	10
2.3 Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	12
2.4 Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	18
2.5 Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	20
2.6 Directriz 6. Información pública	22
3. Plan de Melloras do Centro	24
3.1 Accións de mellora executadas no curso 2015-2016	24
3.2 Accións de mellora derivadas da revisión e seguimento do SGIC propostas para o curso académico 2016-2017	25
4. Anexo: Informes de seguimento	38

1. Introducción

1.1 Compromiso da Facultade de Ciencias co desenvolvemento do SGIC

A Facultade de Ciencias é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario. Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico e o Plan de Calidade) a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade marcándose como principal obxectivo deste o desenvolvemento de programas formativos (graos e másteres) que estean avalados pola calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

De acordo co Procedemento de Medición, Análise e Mellora (Código: PM-01) a análise de funcionamento de cada un dos títulos e do SGIC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual da Facultade.

Deste xeito, unha vez analizados os resultados do SGIC dos títulos a través dos informes de seguimento e unha vez formuladas as accións de mellora derivadas do proceso anterior por cada un dos títulos do centro, correspóndelle á Facultade de Ciencias levar a cabo unha análise global do SGIC.

O equipo decanal desta Facultade adquiriu o compromiso permanente coa mellora continua da xestión administrativa e dos seus programas formativos. Para isto tamén conta co máximo órgano delegado da Xunta de Facultade, a Comisión de Calidade, órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros.

1.2 Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade

Na Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias, correspondente ao curso académico 2015-2016, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), ao seguimento dos títulos impartidos no centro e o plan de melloras do centro (revisión das accións de mellora do curso 2015-2016 e novas propostas para o curso 2016-2017), incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias correspondente ao curso 2015-2016 foi elaborada pola Comisión de Calidade con data 20/03/2017 e aprobada pola Xunta de Facultade o 24/03/2017.

1.3 Estrutura da Facultade de Ciencias para o desenvolvemento do SGIC

Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2015-2016 atangue a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2015-2016 foron:

- Titulacións adaptadas ao EEES:
 - Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.
 - Grao en Nutrición Humana e Dietética.
 - Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental.
- Titulacións non adaptadas ao EEES (en extinción):
 - Licenciatura en Química (orientación Química Agrícola).
 - Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.

No 2015-16 impartiuse o último curso sen docencia e con dereito a exame para as titulacións en extinción, as cales non elaboran o seguimento do título.

Os informes de seguimento que se achegan como anexos no apartado 4 desta memoria de calidade corresponden ao Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (**GEPQI**) ao Grao en Nutrición Humana e Dietética (**GNHD**) e ao Máster en en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental (**MPRLeSM**).

Documentación de referencia.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.
- Memoria do Grao en Nutrición Humana e Dietética.
- Memoria Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias.

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título, o/a Responsable de Calidade do Centro e os/as Coordinadores/as de Título. As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGIC, poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias. De seguido sinálanse tanto a composición actual como as funcións da Comisión de Calidade do Centro.

MEMBROS DA CCC

Decano/a da Facultade de Ciencias (presidente/a)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Os Coordinadores de Título (GEPQI, GNHD e MPRLeSM)

Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade de Ciencias

1 profesor/a por cada título (GEPQI, GNHD e MPRLeSM)

1 alumno/a por cada título (GEPQI, GNHD e MPRLeSM)

1 egresado/a por cada título (GEPQI, GNHD e MPRLeSM)

1 membro externo por cada título (Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo, Presidente do Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia, Presidente da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais).

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Supervisar os Informes de Seguimento elaborados polas comisións de título.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias (proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe de seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora; Informes de seguimento dos Títulos que inclúen as propostas de mellora).

Reunións da Comisión de Calidade, durante o curso 2015-2016:

24 de setembro de 2015. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Solicitude de certificación de implantación do Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro.

20 de novembro de 2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.
- 2.- Informes de seguimento das titulacións que se imparten no Centro, correspondentes ao curso 2014/2015.
- 3.- Rogos e preguntas.

1 de febreiro de 2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.
- 2.- Memoria de Calidade do Centro correspondente ao curso 2014/2015.
- 3.- Rogos e preguntas.

26 de abril de 2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.
- 2.- Proposta de modificación da memoria do GEPQI.
- 3.- Proposta de memoria do título de Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentaria (MINSTA).
- 4.- Rogos e preguntas.

9 de xuño de 2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.- Información sobre a elaboración do Plan Estratéxico e Programación Plurianual da Facultade de Ciencias.
- 2.- Nomeamento de Comisión Redactora para a elaboración do Plan Estratéxico e Programación Plurianual da Facultade de Ciencias.

19 de xaneiro de 2017. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.- Informe do presidente.
- 2.- Propostas da Facultade de Ciencias como singulares do Campus Terra.
- 3.- Declaración de intencións para proposta de dobre Grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais de acordo co Plan de Viabilidade.
- 4.- Declaración de intencións para proposta de novo título de Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos.

26 de xaneiro de 2017. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.- Proposta de publicación das actas da comisión.
- 2.- Informes de seguimento das titulacións do Centro, correspondentes ao curso 2015-2016.

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O SGIC busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010.

O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

Neste apartado reflíctese un informe do seguimento do SIGC do Facultade de Ciencias atendendo as directrices Fides-Audit:

Directrices Fides-Audit
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Directriz 6. Información pública

Para cada unha destas directrices indícanse, en cada caso:

- As actuacións mais relevantes levadas a cabo pola Comisión de Calidade.
- A análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos correspondentes indicadores de calidade.
- A análise da evolución das accións de mellora levadas a cabo no curso 2015-16.
- A formulación, en base as análises anteriores, de accións de mellora que serán recollidas no Plan de Melloras do Centro para vindeiro curso académico no apartado 3 da presente memoria de calidade.

Cabe sinalar que na memoria de calidade correspondente ao curso pasado, o Centro asumiu como propias tódalas accións de mellora propostas nos informes de seguimento dos seus títulos para o curso 2015-16. Debido a isto, darase conta do seu estado de execución en cada unha das directrices Fides-Audit.

Por outra banda tamén é importante destacar que, a partir deste curso 2015-16, a Comisión de Calidade tomou a decisión de asumir como accións de mellora do centro, algunhas das que ata agora figuraban nos informes de seguimento dos títulos e desenvolvese de xeito continuado en cada curso académico. Estas accións deixarán de propoñerse como accións de título e pasarán a recollerse no Plan de Melloras do Centro que se indica no apartado 3 desta memoria de calidade.

2.1 Directriz 1.- Política e obxectivos de calidade

2.1.1 Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

Revisións do SGIC

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o primeiro Sistema de Garantía Interna de Calidade marco en decembro de 2009 e de seguido comezou a instauración destes sistemas en tódolos seus centros.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade, como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese, resultando aprobado pola Comisión de Calidade do Centro o 9 de setembro de 2011 e pola Xunta de Facultade o 15 de setembro de 2011. Posteriormente continuou o seu trámite no Consello de Goberno da universidade (7 de novembro de 2011) e o seu deseño foi avaliado positivamente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia con data 30 de maio de 2012, emitíndose certificación sobre o mesmo o 13 de decembro de 2012.

O 31 de maio de 2013 a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da universidade, aprobou unha revisión do SGIC marco da USC, quedando configurado polo manual extenso, manual simplificado e o manual de procedementos, ao que a Facultade de Ciencias se adaptou o 23 de outubro do 2013. Deste xeito simplificouse a documentación de referencia, adscribíndose o Centro ao manual de procesos e procedementos marco da USC. Nesta modificación do SGIC da Facultade tamén se definiu a política de calidade do centro, que segue vixente na actualidade.

A Comisión de Calidade e Planificación da USC aprobou, nunha reunión celebrada o 3 de outubro de 2014, os cambios introducidos no Manual simplificado do SGIC, froito da revisión do sistema. Estes cambios afectan só ao apartado 5 denominado Indicadores.

Derivado desta modificación e das recomendacións suxeridas polas subcomisións avaliadoras nos procesos de renovación de acreditación a Facultade levou a cabo unha revisión do SGIC que foi aprobada pola Xunta de Facultade o 21 de xullo de 2015.

Inmediatamente despois, o 29 de xullo de 2015 foi aprobada en Consello de Goberno a terceira versión do Manual de Procesos e Procedementos do Sistema de Garantía Interna da Calidade marco. Fundamentalmente os cambios consistiron nunha actualización da normativa relacionada e dos indicadores asociados a cada proceso/procedemento para que reflectiran os cambios producidos no Manual simplificado. Ademais o proceso PC-02 Revisión da oferta académica foi modificado completamente para axustarse á normativa de modificación da ACSUG e da USC.

Estas modificacións derivaron nunha nova revisión do SGIC da Facultade de Ciencias que actualmente está pendente de aprobación pola Comisión de Calidade e Planificación da USC.

O “Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias”, así como o “Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade” e o “Manual de Procesos e Procedementos” están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Ciencias, en calquera dos epígrafes: “Calidade” ou “Calidade SGIC Ciencias”:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>

Esta documentación tamén se recolle nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento (proceso de control dos documentos e dos rexistros, PS-04), estando algúns documentos integrados na Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión (informes de seguimento dos títulos, memorias de calidade e plans de mellora).

Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias (curso 2014-2015).

A principios de 2016 a Comisión de Calidade elaborou a Memoria de Calidade do centro correspondente ao curso 2014-2015 que foi aprobada en Xunta de Facultade o día 4/02/2016. No apartado de seguimento do SGIC incluíronse as actuacións máis relevantes levadas a cabo e a súa análise: (1) Plan de Viabilidade do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, (2) Procesos de Renovación de Acreditación dos títulos de grao e máster da Facultade de Ciencias e (3) Informes de seguimento das titulacións que se imparten no Centro. No apartado 3 da memoria tamén figura o Plan de Melloras do Centro constituído polas accións correspondentes aos títulos do Centro e tres accións máis formuladas para o desenvolvemento do SGIC, das que se presenta a súa evolución e análise na presente memoria.

Substitución do Responsable de Calidade do Centro

Derivado do traslado do Profesor Antonio Rumbo Gómez, Secretario da Facultade e Responsable de Calidade do centro ao Campus de Santiago, tivo lugar o nomeamento da profesora Aida Jover Ramos como nova Secretaria da Facultade e Responsable de Calidade. Debido a isto, algún dos procesos e accións programadas relativas as políticas e obxectivos de calidade do centro sufriron un pequeno atraso no seu desenvolvemento. A pesar diso, a disposición, actitude e o bon facer da nova responsable permítenos ser optimistas en canto as actuacións previstas para o seguimento do SGIC.

Plan estratéxico do centro e programación plurianual.

Na política de calidade do centro, que figura no Manual do SGIC da Facultade de Ciencias indícase que:

“La Facultad de Ciencias desarrolla su política de calidad a través de su plan estratégico, su programación plurianual y el plan anual de mejoras, que se elaborarán y aprobarán de acuerdo con lo establecido en el proceso PE-01, Política e Obxectivos de Calidade do centro.”

Por outra banda, durante os procesos de renovación de acreditación das titulacións que se imparten na Facultade, as subcomisións de avaliación sinalaron que non existían evidencias de aseguraban o funcionamento do SGIC e que se debía continuar coa implantación e adecuación do mesmo. Así mesmo, os membros desa subcomisión indicaban que non se realizara unha planificación estratéxica dos obxectivos do Centro.

Debido a isto formuláronse, por parte das titulacións que renovaron a acreditación, accións de mellora que propoñían a elaboración do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual da Facultade (GEPQI: AM-SGC-02; GNHD: AM-SGC-02 e MPRLLeSM: AM-D1-C3-02).

A Comisión de Calidade comezou estas accións no curso 2015-16 e na súa reunión de 9 de xuño de 2016 nomeou unha comisión redactora, que comezou a recoller a información necesaria para levar a cabo unha análise DAFO. Esta análise tamén debería ter en conta o informe da Comisión Asesora Externa do Campus Terra. Debido a isto, e tamén á substitución do Responsable de Calidade do Centro, sufriuse un atraso no desenvolvemento das actuacións. Agora continúa traballando na análise DAFO, e na elaboración do Plan Estratéxico e Programación Plurianual da Facultade para o que se formulará unha acción de Centro que se recolle no apartado 3 desta memoria (AMFC-1).

Solicitud de Certificación de implantación do SGIC

O 24 de setembro de 2015 a Comisión de Calidade valorou a posibilidade de presentarse voluntariamente ao procedemento de certificación de implantación do SGIC unha vez que se tiña acadado a acreditación dos títulos que se imparten no Centro. Por prudencia a comisión decidiu pospoñer ese proceso de avaliación durante un curso académico e mentres non se tivera máis avanzada a elaboración do Plan Estratéxico do Centro así como unha información máis detallada das futuras liñas de actuación do Campus Terra.

2.1.2 Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

En setembro de 2013 a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade ofreceu aos centros a aplicación “AASX”, coa idea de poder desenvolver máis axeitadamente o seguimento do SGIC. Ata o curso pasado, o uso da aplicación foi escaso na Facultade, por iso se propuxo a acción de mellora FC-SGC-01, para conseguir incrementar de xeito notable a utilización da ferramenta informática involucrando aos membros das comisións responsables do título no uso da aplicación.

Do mesmo xeito a Comisión de Calidade tamén considerou necesario a unha formación en aspectos e conceptos relacionados coa xestión dos sistemas de calidade para poder comprender mellor os procedementos, datos e indicadores cos que se traballa anualmente na Facultade. Debido a isto formulouse a acción FC-SGC-02 para dar a coñecer a importancia dos sistemas de calidade na ensinanza universitaria.

Ámbalas dúas accións foron levadas a cabo no curso 2015-16 e figuran como executadas no apartado 3 desta memoria.

Ademais das sinaladas anteriormente, nos informes de seguimento que se indican no apartado 4 desta memoria de calidade figuran as accións de mellora propostas por cada unha das titulacións do Centro, que este asumiu como propias na súa memoria de calidade do curso pasado. Debido a isto, faise aquí un resumo das accións relacionadas con esta directriz e do seu estado de execución.:

GEPQI

- **AM-SGC-02.-** Elaboración e aprobación do plan estratéxico e da programación plurianual da Facultade de Ciencias. En execución

GNHD

- **AM-SGC-01.-** Revisión do Manual do SGIC para adecualo as características e necesidades da Facultade. Executada
- **AM-SGC-02.-** Elaboración e aprobación do plan estratéxico e da programación plurianual da Facultade de Ciencias. En execución
- **AM-SGC-03.-** Definir con detalle as competencias da Comisión de Calidade e informar sobre os resultados do seu traballo. Executada
- **AM-SGC-05.-** Difusión para fomentar a cultura da calidade e participación dos grupos de interese do centro. Executada.

MPRLeSM

- **AM-D1-C3-01.-** Revisión do Manual do SGIC para adecualo as características e necesidades da Facultade. Executada
- **AM-D1-C3-02.-** Elaboración do plan estratéxico e da programación plurianual da Facultade de Ciencias. En execución

 FACULTADE DE CIENCIAS	MEMORIA DE CALIDADE 2015-2016 FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 24/03/2017 Páxina 9 de 39
---	--	--

2.1.3 Formulación de accións de mellora para o curso 2016-17

No apartado 3 da memoria fórmase a acción de mellora **AMFC-1** que consiste na elaboración do plan estratéxico e da programación plurianual da Facultade de Ciencias. Esta acción provén das accións de mellora GEPQI: AM-SGC-02; GNHD: AM-SGC-02 e MPRL_eSM: AM-D1-C3-02 recollidas nos informes de seguimento dos títulos e deriva da análise realizada polas Subcomisións Avaliadoras da Renovación de Acreditación dos Títulos da Facultade de Ciencias.

2.2 Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

2.2.1 Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

Desenvolvemento do Plan de Viabilidade. Modificación da Memoria do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

O Decreto 222/2011 sinala que as ensinanzas universitarias oficiais de grao deberán contar cun número anual de estudantes de novo ingreso igual ou superior a 45 alumnos nos campus periféricos como é o caso do Campus Terra. O GEPQI presentou un Plan de Viabilidade por non cumprir cos requisitos antes mencionados. Neste Plan, que foi aprobado pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 30 de outubro de 2015, contéplase compartir 90 ECTS nos dous primeiros cursos, cos títulos de Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía, tamén do campus de Lugo.

Debido a isto o 20 de xaneiro de 2016, a Xunta de Centro da Facultade de Ciencias aprobou solicitar o comezo do proceso de modificación da memoria do GEPQI para cumprir o plan de Viabilidade e poder implantar esta modificación no curso 2017/2018.

A partir dese momento e durante os primeiros meses de 2016, as comisións de título dos tres graos, baixo a coordinación da vicerreitoría do Campus de Lugo, comezaron a traballar nas modificacións que deberían facerse en cada título para cumprir co Plan establecido.

No caso do GEPQI, de acordo cos procesos e procedementos de revisión e deseño da oferta académica (PC-02 e PC-01-G), tamén se aproveitou esta circunstancia para incorporar a memoria do título tódalas modificacións non substanciais realizadas ata o momento, así como tódalas recomendacións e suxerencias que ao respecto foran efectuadas pola subcomisión de avaliación no proceso de Renovación da Acreditación.

Finalmente o 14 de setembro de 2016 recibíuse o informe favorable para envío a verificación da modificación do título. Actualmente o novo plan de estudos do GEPQI atópase en fase de verificación e tódolos detalles relativos ao Plan de Viabilidade e o seu seguimento poden consultarse no seguinte enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/graoenepqi.html>

2.2.2 Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

Na memoria de calidade correspondente ao curso pasado, o Centro asumiu como propias tódalas accións de mellora propostas nos informes de seguimento dos seus títulos para o curso 2015-16. Debido a isto, faise aquí un resumo das accións relacionadas con esta directriz e do seu estado de execución. Como pode observarse a maioría das accións xa foron executadas, quedando só unha correspondente ao GNHD pendente de rematar no presente curso académico. Todas elas figuran detalladas nos correspondentes informes de seguimento de título que se indican no apartado 4 desta memoria de calidade.


GEPQI

- **AM-OD-01.-** Necesidade de actualizar a memoria do título. Executada
- **AM-OD-03.-** Revisar as competencias asignadas ao Tráballo Fin de Grao. Executada.

GNHD

- **AM-OD-04.-** Reflexión sobre as posibles modificacións do plan de estudos a medio prazo e mellora da formación dos estudantes a curto prazo. En execución.

MPRLeSM

 FACULTADE DE CIENCIAS	MEMORIA DE CALIDADE 2015-2016 FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 24/03/2017 Páxina 11 de 39
---	--	---

- **AM-D1-C1-01.-** Inclusión na memoria do título do procedemento de recoñecemento de créditos na forma indicada polo novo decreto 810/2010 no seu artigo 6.4. Executada.
- **AM-D1-C1-02.-** Abrirase un período de reflexión no seo da Comisión Académica do Título (e no seu caso tamén na Comisión de Calidade do Centro) acerca da estrutura do plan de estudos actual, sobre todo no que se refire ás prácticas en empresa. Executada.

2.2.3 Formulación de accións de mellora para o curso 2016-17

Ademais das xa indicadas nos informes de seguimento dos títulos, que están pendentes de execución no presente curso académico e foron sinaladas no apartado anterior, non se formulan novas accións de mellora.

2.3 Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante

2.3.1 Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

Oferta académica. Evolución da matrícula

Na táboa 1 sinálase a evolución dos indicadores relacionados coa revisión da oferta académica e de matrícula global no centro.

Unha das modificacións levadas a cabo no Plan de Estudos do GEPQI foi a revisión da oferta académica para adecualala á demanda real. Por iso, como pode apreciarse no indicador de prazas ofertadas (IN01C-PC-05), houbo un descenso de 30 derivado da diminución de oferta de prazas no GEPQI de 80 a 50 prazas. No GNHD e no MPRLLeSM, mantívose a oferta tal e como se recolle nas memorias verificadas dos respectivos títulos.

En canto a evolución dos indicadores de matrícula (IN02C-PC-05, IN03C-PC-05, IN04C-PC-05 e IN05C-PC-05) cabe destacar a evolución positiva dos mesmos de xeito global.

Non obstante unha análise mais polo miúdo, descrita nos informes de seguimento de cada unha das titulacións (Criterio 1,7-I1: evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico), fainos mostrar un certo grado de satisfacción coas actuacións desenvolvidas pola Facultade nos últimos cursos académicos para tratar de mellorar estes resultados, sobre todo os de matrícula de inicio de estudos acadados polo GEPQI, pasando de 24 a 33.

A variación deste indicador IN05C-PC-05 nos outros dous títulos non resulta, de momento, tan significativa (GNHD: 56 a 57; MPRLSM: 22 a 19), pero dada a súa importancia debido ao cumprimento do Decreto 222/2011, débese facer un seguimento especial ao número de matriculados no MPRLLeSM.

Táboa 1.- Evolución dos indicadores relacionados coa revisión da oferta académica e de matrícula global no centro

Código	Descrición	Valor (26/10/2015)	Valor (24/10/2016)
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	162	132
IN02C-PC-05	Matrícula	333	352
IN03C-PC-05	Matrícula de novo ingreso	111	115
IN04C-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	102	109
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	2	6.86
IN06C-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	7.38	7.66
IN07C-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	89.22	93.46
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0.3	0.85
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	7.51	9.38
IN10C-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	36.43	45.45
IN12C-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	62.96	82.58
IN14C-PC-05	Núm. de matriculados en máster no centro/Núm. de graduados do centro	1.41	0.9

Cabe destacar tamén a evolución da nota media de acceso por preinscrición en tódalas titulacións (GEPQI: de 6,91 a 7,19; GNHD: de 7,92 a 8,2; MPRLSM: de 6,54 a 6,8). O resto dos indicadores da táboa 1 amosan tamén unha evolución positiva, a excepción do IN14C-PC-05, como consecuencia do lixeiro descenso de matrícula no MPRLLeSM.

Como xa foi indicado, un dos problemas aos que se enfronta o GEPQI é a baixa matrícula de inicio de estudos, razón pola cal se ten elaborado un Plan de Viabilidade. Debido a isto e relacionado co proceso PC-05 de captación de estudantes, nos últimos anos, decidiuse implementar unha acción de mellora para a promoción das titulacións e captación de alumnos de ensinanza secundaria. Esta actividade formulouse inicialmente nos informes de seguimento dos graos, como acción de mellora para ser levada a cabo en cada curso académico.

Non obstante, a partir deste curso 2015-16, a Comisión de Calidade tomou a decisión de asumir esta acción como acción de mellora propia do centro (**AMFC-6**) e pasará a recollese no Plan de Melloras que se indica no apartado 3 desta memoria de calidade.

A análise do perfil real de ingreso lévase a cabo a nivel de título (Criterio 1-E3: análise do perfil real de ingreso) e pode consultarse nos correspondentes informes de seguimento das titulacións vinculadas á Facultade que se indican no apartado 4 da presente memoria.

Resultados da aprendizaxe.

De maneira xeral debemos destacar que os resultados a nivel de máster son moi satisfactorios. Por outra banda tamén se debe sinalar que, derivado das circunstancias particulares e das diferentes ramas de coñecemento de cada un dos títulos de grao impartidos na Facultade (GNHD e GEPQI), non é prudente facer unha análise conxunta destes indicadores de grao a nivel de Centro dado que ámbolos dous títulos presentan unhas características moi distintas. A súa análise detallada incorpórase a nivel de título (Criterio 7-E19: análise dos resultados do título) e pódese consultar nos correspondentes informes de seguimento que se indican no apartado 4 da presente memoria.

Na táboa 2 sinálase a evolución dos indicadores globais para o Centro, relacionados cos resultados da aprendizaxe nos dous últimos cursos académicos.

Táboa 2.- Evolución dos indicadores relacionados cos resultados da aprendizaxe a nivel de centro para grao e máster.

Código	Descrición	Valor (26/10/2015)	Valor (24/10/2016)
IN34CG-S01-PM-01	Taxa de rendemento	76.35	71.82
IN34CM-S01-PM-01	Taxa de rendemento	98.55	96.94
IN35CG-S01-PM-01	Taxa de éxito	84.89	78.9
IN35CM-S01-PM-01	Taxa de éxito	100	100
IN36CG-S01-PM-01	Taxa de avaliación	89.94	91.03
IN36CM-S01-PM-01	Taxa de avaliación	98.55	96.94
IN37CG-S01-PM-01	Taxa de graduación	50.98	52.94
IN37CM-S01-PM-01	Taxa de graduación	100	80
IN38CG-S01-PM-01	Duración media dos estudos	4.33	4.26
IN38CM-S01-PM-01	Duración media dos estudos	2.05	2.1
IN39CG-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	97.28	93.93
IN39CM-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	99.65	
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	20	23.94
IN41CG-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	35.29	31.37
IN41CM-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	0	0
IN50CG-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados		94.65
IN50CM-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados		100
IN51CG-S01-PM-01	Taxa de idoneidade na graduación		35.29
IN53CG-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)		93.15
IN53CM-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)		100
IXA-C04	Porcentaxe de actas fóra de prazo	5.39	1.83

Como pode apreciarse, a variación dos resultados non segue unha tendencia clara e común a tódalas titulacións da Facultade. A taxa de rendemento presenta un descenso xeral en tódalas titulacións que resulta ser maior no caso dos graos. A taxa de éxito mantense para o máster mentres que sofre un lixeiro descenso nas titulacións de grao. Polo contrario a taxa de avaliación, do mesmo xeito que a taxa de graduación, diminúe no máster e acada un pequeno ascenso nos graos.

A taxa de eficiencia dos titulados para grao (IN39CG-S01-PM-01) e para máster (IN39CM-S01-PM-01) foi substituída pola taxa de eficiencia (rendemento dos egresados). En ámbolos dous casos pode observarse que permanece case constante no máster, mentres que descende lixeiramente nos graos. A mesma evolución pode apreciarse na taxa de duración media dos estudos.

Respecto a taxa de abandono RD 1393, no máster continúa a presentar un resultado excelente, mentres que no caso dos graos apreciase un lixeiro descenso. Este resultado invértese nos graos, se consideramos só a taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40CG-S01-PM-01). Unha completa análise sobre estes valores, a nivel de título, preséntanse nos informes de seguimento correspondentes, e pódese comprender cales son os factores que mais inflúen en cada un dos graos analizados. Neste senso, a Comisión do GNHD considera que esta taxa de abandono non reflicte o seu significado real e para entendela debería ir acompañada dunha taxa de cambio (% daqueles alumnos que entran en primeiro de GNHD, debido a que non teñen a nota media para acceder aos estudos desexados e conseguen acceder a eles no segundo curso). Debido a isto, a Comisión do GNHD formulou a acción de mellora (AM-ISR-01) para solicitar á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos que subministre datos sobre a taxa de cambio (de titulación en 1º ano), tanto entre titulacións da USC como entre titulacións doutras universidades do Sistema Universitario Galego e español. Esta acción figura no informe de seguimento do título e atópase en estado de execución.

A taxa de idoneidade da graduación (IN51CG-S01-PM-01), representa a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. Debido a isto debe ser analizada por título e non por Centro, xa que as circunstancias particulares de cada un dos títulos de grao impartidos na Facultade (GNHD e GEPQI) condicionan os valores obtidos, así mentres para o GEPQI esta porcentaxe é do 16,7 % e está moi afectada polo tempo dedicado polo estudante a elaboración do TFG, para o GNHD o valor desta taxa é do 45,45 % e está moi influenciada pola elevada taxa de abandono do primeiro curso.

A taxa de éxito dos egresados, calculouse por primeira vez no curso 2015-16, polo que só podemos dicir que presenta un valor moi elevado nos graos e do 100% no máster.

Finalmente cabe sinalar a mellora da eficiencia nos procesos administrativos de avaliación que da como resultado unha evolución positiva na porcentaxe de actas fora de prazo (IXA-C04) pasando de 5,39 a 1,83.

Indicadores de satisfacción

Os resultados dos indicadores de satisfacción recóllense a nivel de título (Criterio 3,7-E10: análise das enquisas de satisfacción) e poden consultarse nos correspondentes informes de seguimento das titulacións vinculadas á Facultade que se indican no apartado 4 da presente memoria.

Na táboa 3 sinálase a evolución dos indicadores de satisfacción a nivel de Centro, relacionados cos programas de mobilidade e prácticas externas nos dous últimos cursos académicos.

Respecto á satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (IN16C-PC-08) o resultado acadado (5, nunha escala de 1 a 5) é moi satisfactorio, presentando una evolución positiva respecto a do curso anterior. A mesma evolución pódese apreciar na porcentaxe de

estudantes enviados en programas de mobilidade (IN17C-PC-08). Por outra banda, obsérvase una diminución na porcentaxe de estudantes recibidos de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18C-PC-08).

Dende as comisións académicas de cada un dos títulos formuláronse accións de mellora (AM-OD-05 no GEPQI e AM-OD-02 no GNHD) para potenciar tanto a información dos programas de mobilidade como o número de convenios con outras universidades.

Táboa 3.- Evolución dos indicadores de satisfacción relacionados cos programas de mobilidade e prácticas externas a nivel de centro.

Código	Descrición	Valor (26/10/2015)	Valor (24/10/2016)
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	4.5	5
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	0.9	2.27
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	6.91	5.68
IN22C-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	88.68	88.73

Polo que respecta a porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22C-PC-09), o valor pódese considerar constante nestes dos últimos cursos académicos.

Avaliación da docencia

Os resultados das análises das enquisas de avaliación da docencia incorpóranse a nivel de título (Criterio 4-E13: análise das enquisas de avaliación da docencia) e poden consultarse nos correspondentes informes de seguimento das titulacións vinculadas á Facultade que se indican no apartado 4 da presente memoria.

Polo que respecta a satisfacción do alumnado coa docencia recibida, no caso dos graos obsérvase un lixeiro aumento na participación dos estudantes mentres que no máster dáse a situación inversa, debido sen dúbida a tipoloxía do seu alumnado. Á vista dos resultados obtidos podemos afirmar que os graos manteñen unha lixeira tendencia ascendente na valoración que reciben por parte dos alumnos. No caso do MPRLeSM os resultados obtidos mostran unha similitude cos acadados en anos anteriores, resultando ser moi satisfactorios.

En canto a satisfacción do profesorado coa docencia impartida as porcentaxes de participación nos graos sofren un considerable descenso (GEPQI 17 %, GNHD 9,23 %) aínda que o grado de satisfacción resulta ser moi similar nos derradeiros cursos.

Derivado do proceso de renovación da acreditación do GEPQI, a subcomisión avaliadora propuxo analizar os resultados obtidos polo profesorado nas enquisas de satisfacción dos estudantes e deixar constancia documental da maneira de proceder para mellorar os resultados. Por este motivo a Comisión do título formulou a acción de mellora AM-R-RH-01 (novo código AMGEPQI-03) que figura no seguinte apartado. No curso 2015-16 a Comisión do GEPQI analizou tódolos datos dispoñibles e realizou unha serie de propostas á Comisión de Calidade do Centro. No presente curso académico está previsto desenvolver esta acción de mellora para tratar de establecer uns criterios obxectivos, e propoñer e aplicar os procedementos necesarios, para mellorar os resultados obtidos nestas enquisas de satisfacción.

Suxerencias e reclamacións

De seguido indicamos un resumo das suxerencias e/ou reclamacións relacionadas coa Facultade de Ciencias que constan na memoria anual elaborada pola Oficina de Análise de Reclamacións (2015-16) así como as recibidas na propia Facultade, indicando a súa tipoloxía e o seu resultado.

Memoria da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) 15-16

O número de reclamacións e recurso presentados diminuíu considerablemente de 3 recursos e 7 queixas no curso 2014-15 a 2 recursos e 1 queixa no curso 2015-16, dos cales:

- 2 recursos
 - 1 no GEPQ, relacionado coa modificación de matrícula (resultado: desestimado)
 - 1 no GNHD, relacionado coa modificación de matrícula (resultado: estimado)
- 1 queixa.- Foi presentada unha queixa relativa ao programa oficial do Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental resultando desestimada.

Reclamacións recibidas na Facultade

No curso 2015-16 recibíronse dúas reclamacións relacionadas coas cualificacións de materias. Ámbalas dúas foron tramitadas de acordo a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011, resultando desestimadas.

2.3.2 Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

A Facultade de Ciencias a través das súas comisións de grao e máster estableceu un proceso de avaliación por competencias, para todas as súas materias, incluídos traballos fin de grao e máster. Debido a isto, a Comisión de Calidade formulou no curso pasado a acción FC-SGC-03 para dar a coñecer os procesos de avaliación con rúbrica ós profesores. Este tipo de avaliación, permite un coñecemento dos criterios de avaliación en relación coas competencias específicas, xerais e transversais que debe adquirir o alumnado. Esta acción foi desenvolvida no curso 2015-16 e figuran como executada no apartado 3 desta memoria.

Ademais da acción FC-SGC-03, na memoria de calidade correspondente ao curso pasado, o centro asumiu como propias tódalas accións de mellora propostas nos informes de seguimento dos seus títulos para o curso 2015-16. Debido a isto, faise aquí un resumo das accións relacionadas con esta directriz e do seu estado de execución:

GEPQI

- **AM-OD-04.-** Realizar actas, resumos ou documentos onde se fagan constar os datos mais relevantes de todas e cada unha das reunións de coordinación que se realicen. Executada
- **AM-OD-05.-** Aumentar a información dos estudantes sobre os programas de mobilidade existentes e incrementar o número de convenios con outras universidades. Tarefa 1, executada. Tarefa 2, en execución.
- **AM-ISR-02.-** Recoller sistematicamente os resultados de todos os indicadores e informes dispoñibles para realizar o seguimento do título. Executada.
- **TFG-1.-** Analizar as posibles causas do retraso na elaboración e defensa dos TFG. Executada.
- **AM-R-RH-01.-** (novo código AMGEPQI-3) A Comisión de Calidade do Centro deberá establecer uns criterios obxectivos, e propoñer e aplicar os procedementos necesarios, para mellorar os resultados daquelas materias cuxa valoración por parte dos estudantes non satisfagan os devanditos criterios. En execución.
- **AM-RA-01.-** Facer enquisas aos egresados 2 anos despois de que finalicen os seus estudos. A información proporcionada por eles completárase coa subministrada polos seus

respectivos empregadores. En execución.

GNHD

- **AM-OD-02.-** Incrementar o número de estudantes participantes nestes programas de mobilidade incrementando a oferta internacional e a información. Tarefa 1, en execución Tarefa 2, executada.
- **AM-OD-03.-** Modificación da normativa de Traballo Fin de Grao en previsión de problemas no mecanismo de elección/asignación de titor. Executada.
- **AM-OD-05.-** Fomentar a organización de actividades (charlas, xornadas, cursos, etc.) que aborden temáticas sobre nutrición clínica, psicoloxía e trato co paciente. En execución.
- **AM-ISR-01.-** Solicitar á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos que subministre datos sobre a taxa de cambio (de titulación en 1º ano), tanto entre titulacións da USC como entre titulacións doutras universidades do Sistema Universitario Galego e español. En execución.
- **AM-ISR-02.-** Información sobre saídas profesionais e sobre o apoio titorial en materias de primeiros cursos. Executada.
- **AM-ACC-01.-** Promover a información sobre o título e as súas competencias no entorno lucense, a súa provincia e a comunidade autónoma, para dar a coñecer as competencias que adquiren os graduados para exercer como profesionais Dietistas-Nutricionistas. Executada.
- **AM-SGC-09.-** Seguir mantendo contactos cos empregadores e recoller de forma sistemática opinións e datos de empregabilidade dos egresados a través de enquisas. Executada.

MPRLeSM

- **AM-D1-C1-7-01.-** Presentación da oferta de máster nos últimos cursos dos graos que se imparten no propio Centro, así como nos diferentes centros do Campus Terra. Participación no programa de publicidade da oferta de másteres da USC. En execución.
- **AM-R-D1-C3-02.-** Seguir mantendo contactos cos empregadores e recoller de forma sistemática opinións e datos de empregabilidade dos egresados. En execución.

2.3.3 Formulación de accións de mellora para o curso 2016-17

Derivado da evolución dos indicadores de matrícula de inicio de estudos, a Comisión de Calidade do Centro decidiu recoller no Plan de melloras da Facultade (apartado 3 desta memoria) a acción **AMFC-6** de promoción das titulacións do Centro para captación de estudantes.

Esta acción, derivada inicialmente dos informes de seguimento dos graos, lévase a cabo en cada curso académico e consiste na recepción de visitas de alumnos de ensino secundario, charlas, entrega de trípticos informativos e participación en actividades científicas desenvolvidas nos laboratorios da Facultade de Ciencias.

2.4 Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

2.4.1 Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

Na táboa 4 sinálase a evolución dos indicadores de calidade relacionados con esta directriz Fides-Audit nos dous últimos cursos académicos.

No curso 2015-2016 a porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título (IN24C-PS-01) foi dun 83,7 %, o que significa un aumento do 10 % respecto ao curso anterior. Este indicador calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nas tres titulacións do Centro sen ter en conta o profesorado de áreas externas nin o profesorado que unicamente dirixe traballos académicos.

De maneira xeral obsérvase unha mellora nos indicadores, non obstante estes non teñen en conta as diferenzas de capacidade docente das áreas: mentres unhas son excedentarias outras teñen os recursos xustos para desenvolver o seu traballo. Situación que pode complicarse no momento en que se produce unha baixa por enfermidade.

Táboa 4.- Evolución dos indicadores de calidade a nivel de centro relacionados coa directriz 4 Fides-Audit.

Código	Descrición	Valor (26/10/2015)	Valor (24/10/2016)
IN24C-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	73	83.7
IN25C-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	93	93.4
IN26C-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	68.69	69.81
IN30C-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	3.7	3.49
IN31C-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	29.58	31.7
IN32C-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	20.09	21.02
IN49C-PS-01	Satisfacción do PAS co seu traballo	3.75	4.67

Indicadores de satisfacción

Os resultados dos indicadores de satisfacción recóllense a nivel de título (Criterio 3,7-E10: análise das enquisas de satisfacción) e poden consultarse nos correspondentes informes de seguimento das titulacións vinculadas á Facultade que se indican no apartado 4 da presente memoria.

En canto a satisfacción do persoal de administración e servizos co traballo desenvolvido (IN49C-PS-01), aínda que a participación nas enquisas baixou do 44,4 % ao 33,3 % o resultado deste indicador 4,67 % aumentou respecto ao do ano pasado e supera nun punto a media da universidade.

Polo que respecta a satisfacción do PDI e do PAS coas actividades formativas desenvolvidas, os resultados tamén foron satisfactorios aínda que cabe sinalar que a participación destes colectivos nas enquisas diminuíu con respecto a do ano anterior.

Tamén debemos indicar que tanto a participación do PDI coma do PAS nos cursos de formación presenta unha tendencia claramente descendente, tendencia que pode ser debida a gran participación destes dous colectivos nos primeiros anos da posta en marcha do Plan de Formación da USC e a pouca renovación posterior dos cursos impartidos. Esperamos que no presente curso académico se modifique esta tendencia coa oferta de novos cursos e as suxerencias propostas por parte dos centros.

2.4.2 Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

Na memoria de calidade correspondente ao curso pasado, o centro asumiu como propias tódalas accións de mellora propostas nos informes de seguimento dos seus títulos para o curso 2015-16. Debido a isto, faise aquí un resumo das accións relacionadas con esta directriz e do seu estado de execución.

GEPQI

- **AM-SGC-03.-** Unha vez aprobado o procedemento para a convocatoria da avaliación docente polos órganos competentes, difundíla entre o persoal docente do título e fomentala participación na mesma. Executada.

GNHD

- **AM-SGC-04.-** A Comisión de Calidade debe recoller información sobre as necesidades de persoal que teñan detectado os Consellos de Departamento, para asegurar a calidade da docencia dos títulos que se imparten no Centro. Esta información terase en conta nas decisións que se tomen e nas accións que se programen. Executada.

MPRLeSM

- **AM-D1-C3-03.-** A Comisión de Calidade debe recoller información sobre as necesidades de persoal que teñan detectado os Consellos de Departamento, para asegurar a calidade da docencia dos títulos que se imparten no centro. Esta información terase en conta nas decisións que se tomen e nas accións que se programen. Executada.

2.4.3 Formulación de accións de mellora para o curso 2016-17

No presente curso académico non se formulan novas accións de mellora por parte do Centro relacionadas con esta directriz.

2.5 Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

2.5.1 Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

A Facultade de Ciencias incorporou a súa docencia expositiva ás novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) dende o curso 2002-2003. A docencia desenvólvese diariamente en todos os títulos que se imparten na Facultade, mediante ordenador, proxector e pantalla mural (xa sexa tradicional ou táctil). Por outra banda e derivado da natureza das titulacións que se imparten na Facultade, toda a docencia interactiva require dunha serie de equipamento e infraestruturas de laboratorio, que require dun mantemento específico para a súa conservación e debe ser renovado cando a súa reparación resulta imposible ou non rendible. Tamén debemos destacar que unha gran parte da docencia interactiva lévase a cabo nas aulas informáticas, con software específico a cada disciplina ou simuladores. Pero este software necesita de equipos informáticos axeitados, polo que periodicamente deben actualizarse e nalgúns casos renovarse.

A delicada situación económica que atravesamos impediu que nos últimos anos puidera renovarse gran parte destes recursos materiais e obrigounos a buscar solucións imaxinativas para acadar un axeitado desenvolvemento da docencia.

Non obstante, isto non era a mellor solución polo que a partir dos informes de seguimento dos títulos así como dos procesos de Renovación da Acreditación, formuláronse diversas accións dirixidas á mellora, ampliación e substitución de materiais e equipamento docente. Accións que debían contar cun financiamento extraordinario, xa que os orzamentos da Facultade resultaban ser insuficientes para levalas a cabo.

Durante os últimos anos o Centro solicitou axudas que permitiron mellorar algúns dos recursos antes mencionados. Debido a isto e tendo en conta os orzamentos do Centro e nos financiamentos externos que se poidan conseguir, a Comisión de Calidade do Centro formula anualmente unha serie de propostas que permitan acadar unha mellora na calidade dos recursos materiais e servizos ofrecidos pola Facultade co fin de continuar desenvolvemento unha labor docente axeitada en tódalas titulacións.

No curso 2015-16, a Comisión de Calidade formulou a acción de mellora AM-1, que se atopa descrita no seguinte apartado e xa foi finalizada.

Para o presente curso académico formuláronse as accións AMFC-2, AMFC-3, AMFC-4 e AMFC-5, todas elas relacionadas coa renovación do equipamento mais obsoleto (8 ordenadores e 7 proxectores de vídeo das aulas de docencia expositiva) e coa ampliación de infraestrutura para docencia (ampliación da cobertura da rede wifi nunha aula seminario e aumento de 4 novos postos para docencia nas aulas de informática 2 e 3).

2.5.2 Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

En cada curso académico, derivado das accións de mellora contempladas tanto nos informes de seguimento como nos plans de mellora elaborados no proceso de renovación da acreditación das titulacións do Centro, a Comisión de Calidade da Facultade formula propostas para mellorar, ampliar e/ou substituír o material e equipamentos docente.

Debido a isto, e derivado da acción de mellora AM-RMAT-01, no curso pasado o centro propuxo a acción AM-1 para adquisición de material e equipamento docente, desagregada en dúas tarefas:

- Tarefa 1: renovación de proxectores de vídeo para a docencia nas aulas: Derivado do número de horas acumuladas de uso e das deficiencias na calidade da imaxe proxectada, que non se solucionan coa substitución de lámpadas novas, é preciso renovar algúns dos proxectores de vídeo existentes.

- Tarefa 2: acondicionamento dun local do edificio de laboratorios para empregalo como aula seminario. Precísase equipalo coa instalación dun proxector de vídeo e pantalla mural.

Esta acción foi desenvolvida no curso 2015-16 e figura como executada no apartado 3 desta memoria.

Ademais da acción AM-1, na memoria de calidade correspondente ao curso pasado, o Centro asumiu como propias tódalas accións de mellora propostas nos informes de seguimento dos seus títulos para o curso 2015-16. Debido a isto, faise aquí un resumo das accións relacionadas con esta directriz e do seu estado de execución:

GEPQI

- **AM-SGC-04.-** Solicitarase á Biblioteca Universitaria que informe sobre os recursos dispoñibles relativos ao material bibliográfico recomendado en tódalas materias do título. Executada.

GNHD

- **AM-RMAT-01.-** Solicitud de financiamento de material docente (de laboratorio, programas informáticos, etc) específico a través da convocatoria de accións de mellora docente da USC, realizada por la Vicerreitoría no curso 2015-16. Executada.

Por outra banda tamén é importante sinalar neste apartado que a partir deste curso académico a Comisión de Calidade tomou a decisión de asumir como accións de mellora do Centro, as accións de mellora correspondentes a esta directriz Fides–Audit, propostas ata agora nos informes de seguimento dos títulos e que se levan a cabo en cada curso académico. Estas accións recóllense formuladas no apartado 3 desta memoria.

2.5.3 Formulación de accións de mellora para o curso 2016-17

Debido ao sinalado anteriormente, a Comisión de Calidade do Centro decidiu recoller no Plan de melloras da Facultade (apartado 3 desta memoria) as accións AMFC-2, AMFC-3, AMFC-4 e AMFC-5, destinadas a adquisición e instalación de infraestruturas, material e equipamento docente como consecuencia da súa renovación, substitución ou necesidade de ampliación.

As accións AMFC-4 e AMFC-5 son continuación da acción AM-1 desenvolvida e finalizada o curso pasado.

2.6 Directriz 6. Información pública

2.6.1 Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

Toda a información relacionada cos procesos e procedementos seguidos pola Facultade para o desenvolvemento das súas funcións e procesos formativos das titulacións GEPQI, GNHD e MPRLeSM, atópase publicada da seguintes formas:

- Páxina web da USC.- Mostra información de ámbito xeral para toda a universidade.
- Páxina web da Facultade de Ciencias.- Presenta información completa e detallada relacionada co Centro e coas súas titulacións.
- Taboleiros do Centro.- Incorporan información de diversa índole, destinada aos grupos de interese do Centro.
- Pantalla de información e anuncios.- Presenta información actualizada sobre convocatorias e prazos académicos, cursos, becas, ofertas de emprego, servizos da USC e actividades culturais. Esta información tamén se remite semanalmente a tódolos colectivos do Centro por correo electrónico.

A páxina web e o correo electrónico son as principais canles de comunicación do Centro cos colectivos de interese. Ademais, tamén se utiliza o correo electrónico para remitir aos egresados das titulacións da Facultade as ofertas de emprego que se reciben tanto por parte de empresas como por parte da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC.

Debido a isto, tómanse en conta as suxerencias que os diferentes colectivos poidan efectuar en relación tanto a utilidade ou interese dos contidos como a súa accesibilidade.

En canto a información relacionada co seguimento e revisión do SGIC, esta atópase publicada no seguinte enlace web da Facultade de Ciencias:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>

Do mesmo xeito tamén se atopa publicada toda a información relacionada co seguimento dos títulos que se imparten na Facultade nos seguintes enlaces:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/graoenepqi.html>
- Grao en Nutrición Humana e Dietética
<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/graoennutricionhumanaedietetica.html>
- Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental
<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/masterunivprevrislab.html>

2.6.2 Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

Na memoria de calidade correspondente ao curso pasado, o centro asumiu como propias tódalas accións de mellora propostas nos informes de seguimento dos seus títulos para o curso 2015-16. Debido a isto, faise aquí un resumo das accións relacionadas con esta directriz e do seu estado de execución.

En relación con esta directriz, no informe de seguimento do GEPQI formulouse a acción AM-R-IT-01 (novo código AMGEPQI-2) que se definiu como: Solicitar á USC que incorpore entre a

 FACULTADE DE CIENCIAS	MEMORIA DE CALIDADE 2015-2016 FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 24/03/2017 Páxina 23 de 39
---	--	---

información proporcionada de cada docente un enlace directo ao grupo de investigación ao que este pertence.

Esta acción, derivada do Plan de Melloras elaborado no proceso de Renovación da Acreditación do título atópase en estado de execución e prevese rematala no presente curso académico.

2.6.3 Formulación de accións de mellora para o curso 2016-17

Por parte da Facultade non se formulan novas accións de mellora ademais da indicada no informe de seguimento do GEPQI que está pendente de execución no presente curso académico e foi sinalada no apartado anterior.

3. Plan de Melloras do Centro

3.1 Accións de mellora executadas no curso 2015-2016

Neste apartado preséntase unha revisión do Plan de Melloras do Centro correspondente ao curso 2015-2016, que se elaborou tendo en conta os informes de seguimento e a revisión das accións de mellora das titulacións impartidas no Centro.

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FC-SGC-01	Análise realizada pola Comisión de Calidade do Centro. En setembro de 2013 a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade ofreceu aos centros a aplicación "AASX", coa idea de que fora desenvolvida no curso 2013-2014	Incrementar a utilización da ferramenta informática posta a disposición do Centro pola Universidade involucrando aos membros das comisións responsables do título no uso da aplicación	Executada	Responsable de Calidade do Centro	31/12/2016	13/12/2016
FC-SGC-02	Análise realizada pola Comisión de Calidade do Centro. Sería necesaria unha educación na calidade do profesorado e do equipo decanal	Curso de xestión da calidade na docencia universitaria para dar a coñecer a importancia dos sistemas de calidade na ensinanza universitaria	Executada	Responsable de Calidade do Centro	31/12/2016	13/12/2016
FC-SGC-03	Análise realizada pola Comisión de Calidade do Centro. A Facultade de Ciencias a través das súas comisións de grao e máster establece un proceso de avaliación por competencias, definido este ano, para todas as súas materias .incluídos traballos fin de grao e máster	Dar a coñecer os procesos de avaliación con rúbrica ós profesores	Executada	Responsable de Calidade do Centro	1-10-2016	11/06/2015

AM-1	<p>Análise realizada pola Comisión de Calidade do Centro .</p> <p>Proposta baseada nas accións de mellora contempladas tanto nos informes de seguimento como nos plans de mellora elaborados no proceso de renovación da acreditación das titulacións do Centro.</p> <p>A causa destas accións é a necesidade de mellora, ampliación e substitución de materiais e equipamentos docentes.</p>	<p>Solicitud de financiamento para material e equipamento docente: a Facultade de Ciencias incorporou a súa docencia ás novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) dende o curso 2002-2003. A docencia desenvólvese diariamente en todos os títulos que se imparten na Facultade, mediante ordenador, proxector e pantalla mural (xa sexa tradicional ou táctil). Durante os últimos anos foron solicitándose axudas que nos permitiron dispoñer destes sistemas en todas as aulas. Este esforzo precisa ser continuado neste momento para:</p> <ul style="list-style-type: none"> * a renovación do equipo antigo * o acondicionamento dunha nova aula-seminario de docencia 	Executada	Equipo Decanal	29/07/2016	25/10/2016
------	---	--	-----------	----------------	------------	------------

3.2 Accións de mellora derivadas da revisión e seguimento do SGIC propostas para o curso académico 2016-2017

Tendo en conta a análise realizada no apartado 2 desta memoria recóllense neste apartado as accións de mellora formuladas polo Centro:

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AMFC-1	Informe de seguimento dos Títulos 2014/15. Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade. A acción derívase da análise realizada polas Subcomisións Avaliadoras da Renovación de Acreditación dos Títulos da Facultade de Ciencias	Elaboración do plan estratéxico e da programación plurianual da Facultade de Ciencias.	Nova acción	Responsable de Calidade do Centro	29/12/2017	

AMFC-2	Falta de capacidade das aulas de informática do Centro para cubrir as necesidades de docencia interactiva. Análise realizada pola Comisión de Calidade	Mellora de infraestrutura e equipamento docente: aumentar o número de postos das aulas de informática 2 e 3 da Facultade dotándoas de infraestrutura de rede e o equipamento necesario para a docencia interactiva habitual.	Nova acción	Equipo Decanal	29/12/2017	
AMFC-3	A causa desta acción é a necesidade de substitución do equipamento informático empregado nas aulas de docencia expositiva. Análise realizada pola Comisión de Calidade	Renovación de 8 ordenadores das aulas de docencia expositiva	Nova acción	Equipo Decanal	29/12/2017	
AMFC-4	Necesidade de substitución de equipamentos docentes, concretamente a renovación de proxectores de vídeo para a docencia nas aulas. Análise realizada pola Comisión de Calidade	O pasado curso académico, mediante o financiamento por axudas de calidade solicitadas a Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación, renovouse a metade destes proxectores. Débese continuar coa renovación dos proxectores no presente curso académico.	Nova acción	Equipo Decanal	29/12/2017	
AMFC-5	Existe un espazo do edificio de laboratorios acondicionado como aula seminario interactiva na que os alumnos puidesen traballar de acordo coas actividades marcadas polo profesor para o tratamentos de datos experimentais e consulta da información posta no campus virtual. Este aula dispón dunha	Instalar cableado e un terminal wifi para dar cobertura de rede a aula-seminario do edificio de laboratorios	Nova acción	Equipo Decanal	29/12/2017	

	conexión ou roseta de rede normal para uso docente pero non dispón de cobertura da rede wifi. Análise realizada pola Comisión de Calidade					
AMFC-6	Acción derivada dos Informes de Seguimento dos Títulos. Baixa matrícula no Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais. Mantemento da matrícula no Grao en Nutrición Humana e Dietética.	Promoción das titulacións do centro: esta acción, que se desenvolve cada curso académico, consiste na recepción de visitas de alumnos de ensino secundario, charlas, entrega de trípticos informativos e participación en actividades científicas desenvolvidas nos laboratorios da Facultade de Ciencias.	Nova acción	Equipo Decanal	31/7/2017	

ACCIÓNS DE MELLORA PARA O CURSO 2016-17

Definición	Acción de mellora	Código	FC-SGC-01	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade
			Análise causa	En setembro de 2013 a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade ofreceu aos centros a aplicación "AASX", coa idea de que fora desenvolvida no curso 2013-2014.
		Definición/descripción proposta	Incrementar de xeito notable a utilización da ferramenta informática posta a disposición do Centro pola Universidade para desenvolver axeitadamente o sistema de calidade involucrando aos membros das comisións responsables do título no uso da aplicación.	
		Data prevista de finalización	31/12/2016	
	Data inicio	01/09/2015		
Responsables	Responsable da implantación	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC		
Tarefa1	Código	TR-FC-SGC-01		
	Descrición tarefa	Organización dun curso de formación		
	Data prevista de finalización	31/12/2016		
	Persoa responsable	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC Responsable de Calidade do Centro		
Finalización	Estado	Executada		
	Data estado	13/12/2016		
	Comprobación	Levou a cabo un curso sobre a Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión (AAXS) impartido pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos no Centro o día 13 de decembro de 2016. Os asistentes foron o equipo decanal, os coordinadores de título e responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos.		
	Data comprobación	13/12/2016		

Definición	Acción de mellora	Código	FC-SGC-02	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade
		Análise causa	A calidade non é soamente os feitos senón que tamén se deben ir recollendo as evidencias que demostran a súa aplicación. Este é probablemente o maior defecto que pode atoparse nesta Facultade entre o profesorado e o equipo decanal. Sería necesaria unha educación na calidade (recollida de evidencias, ..).	
		Definición/descrición proposta	Curso de xestión da calidade na docencia universitaria para dar a coñecer a importancia dos sistemas de calidade na ensinanza universitaria.	
		Data prevista de finalización	31/12/2016	
		Data inicio	01/09/2015	
Responsables	Responsable da implantación	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC		
Tarefa1	Código	TR-FC-SGC-02		
	Descrición tarefa	Organización dun curso de formación		
	Data prevista de finalización	31/12/2016		
	Persoa responsable	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC Responsable de Calidade do Centro		
Finalización	Estado	Executada		
	Data estado	13/12/2016		
	Comprobación	Levou a cabo un curso sobre a xestión da calidade na docencia universitaria impartido pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos no Centro o día 13 de decembro de 2016. Os asistentes foron o equipo decanal, os coordinadores de título e responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos.		
	Data comprobación	13/12/2016		

Definición	Acción de mellora	Código	FC-SGC-03	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
			Análise causa	A importancia da avaliación na educación é un punto clave para o profesorado en xeral. Débese organizar un curso de calidade que informe sobre a necesidade da xestión en calidade de un centro de educación superior e un específico sobre avaliación do alumnado e creación/xestión de rúbrica. A xeración de rúbrica permite un coñecemento dos criterios de avaliación en relación coas competencias específicas, xerais e transversais que de adquirir o alumnado. A presenza dunha rúbrica tamén permite unha relación axeitada ente o alumnado e o docente. A Facultade de Ciencias a través das súas comisións de grao e máster establece un proceso de avaliación por competencias, definido este ano, para todas as súas materias , incluídos traballos fin de grao e máster. A Comisión de Calidade considera que a organización dun curso de formación sobre este tema sería necesaria para os seus PDI.
		Definición/descrición proposta	Dar a coñecer os procesos de avaliación con rúbrica ós profesores	
		Data prevista de finalización	1-10-2016	
		Data inicio	01/09/2015	
Responsables	Responsable da implantación	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC		
Tarefas	Código	TR-FC-SGC-03		
	Descrición tarefa	Organización dun curso de formación		
	Data prevista de finalización	Durante o curso 2015/2016		
	Persoa responsable	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC Responsable de Calidade do Centro		
Finalización	Estado	Executada		
	Data estado	11/06/2015		
	Comprobación	A acción de mellora está executada, implantándose esta modalidade para a avaliación dos TFG e TFM do Centro. <ul style="list-style-type: none"> • Grao de Enxeñaría dos Procesos Químicos Industriais: acta da Comisión do 29/01/2015. • Grao en Nutrición Humana e Dietética: acta da Comisión do 15/05/2015. • Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental: acta da Comisión do 11/06/2015. 		
	Data comprobación	11/06/2015		

Definición	Acción de mellora	Código	AM-1	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
			Análise causa	Proposta baseada nas accións de mellora contempladas tanto nos informes de seguimento como nos plans de mellora elaborados no proceso de renovación da acreditación das titulacións do Centro. A causa destas accións é a necesidade de mellora, ampliación e substitución de materiais e equipamentos docentes.
		Definición/descrición proposta	Solicitud de financiamento para material e equipamento docente: a Facultade de Ciencias incorporou a súa docencia ás novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) dende o curso 2002-2003. A docencia desenvólvese diariamente en todos os títulos que se imparten na Facultade, mediante ordenador, proxector e pantalla mural (xa sexa tradicional ou táctil). Durante os últimos anos foron solicitándose axudas que nos permitiron dispoñer destes sistemas en todas as aulas. Este esforzo precisa ser continuado neste momento para: * a renovación do equipo antigo * o acondicionamento dunha nova aula-seminario de docencia	
		Data prevista de finalización	29/07/2016	
Data inicio	01/09/2015			
Responsables	Responsable da implantación	Equipo Decanal		
Tarefa1	Código	AM-1.1		
	Descrición tarefa	Renovación de proxectores de vídeo para a docencia nas aulas: derivado do número de horas acumuladas de uso e das deficiencias na calidade da imaxe proxectada, que non se solucionan coa substitución de lámpadas novas, é preciso renovar algúns dos proxectores de vídeo existentes.		
	Data prevista de finalización	29/07/2016		
	Persoa responsable	Equipo Decanal		
Tarefa2	Código	AM-1.2		
	Descrición tarefa	Acondicionamento dunha nova aula-seminario O Centro está acondicionando un novo espazo para empregalo como aula-seminario. Precísase equipalo coa instalación dun proxector de vídeo e pantalla mural.		
	Data prevista de finalización	29/07/2016		
	Persoa responsable	Equipo Decanal		
Finalización	Estado	Executada		
	Data estado	25/10/2016		
	Comprobación	Foi recibido financiamento para levar a cabo esta acción da Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación mediante a Convocatoria de Axudas para o Desenvolvemento de Accións de Mellora da Docencia do 2016. Debido ao retraso na concesión do financiamento foi preciso executar a acción fora do prazo inicial previsto.		
	Data comprobación	25/10/2016		

Definición	Acción de mellora<	Código	AMFC-1	
		Tipo	Informe de Seguimento	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade
		Análise causa	As subcomisións de avaliación do proceso de renovación da acreditación dos títulos do Centro sinala que non existen evidencias que aseguren o funcionamento do SGIC e que se debe continuar coa implantación e adecuación do mesmo. Asimesmo indica que non se realizou unha planificación estratéxica dos obxectivos do Centro que peche o ciclo de calidade do sistema.	
		Definición/descrición proposta	Elaboración do plan estratéxico e da programación plurianual da Facultade de Ciencias.	
		Data prevista de finalización	29/12/2017	
	Data inicio	01/01/2016		
Responsables	Responsable da implantación	Responsable de Calidade do Centro Equipo Decanal		
Tarefa1	Código	AMFC-1.1		
	Descrición tarefa	Elaboración do plan estratéxico e da programación plurianual da Facultade de Ciencias.		
	Data prevista de finalización	29/12/2017		
	Persoa responsable	Responsable de Calidade do Centro Equipo Decanal		
Finalización	Estado	En execución		
	Data estado	15/02/2017		
	Comprobación	<ul style="list-style-type: none"> Comisión de Calidade 24/09/2015: decisión de elaboración do Plan estratéxico e da Programación Plurianual. Comisión de Calidade 09/06/2016: nomeamento da Comisión Redactora do Plan Estratéxico. Decembro de 2016-xaneiro 2017: recollida de datos para análise DAFO. 		
	Data comprobación			

Definición	Acción de mellora	Código	AMFC-2	
		Tipo	Propostas de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
		Análise causa	Falta de capacidade das aulas de informática do Centro para cubrir as necesidades de docencia interactiva. Na Facultade de Ciencias hai tres aulas de informática dedicadas a docencia coa seguinte capacidade: Aula 1, 21 postos; aula 2, 18 postos e Aula 3 18 postos. Necesítase aumentar a capacidade das aulas 2 e 3 para poder impartir docencia interactiva a grupos de polo menos 20 alumnos.	
		Definición/descrición proposta	Mellora de infraestrutura e equipamento docente: aumentar o número de postos (4 en total) das aulas de informática 2 e 3 da Facultade dotándoas de infraestrutura de rede e o equipamento necesario para a docencia interactiva habitual.	
		Data prevista de finalización	29/12/2017	
	Data inicio	02/01/2017		
Responsables	Responsable da implantación	Equipo Decanal		
Tarefa1	Código	AMFC-2.1		
	Descrición tarefa	Aumentar o número de postos (4 en total) das aulas de informática 2 e 3 da Facultade dotándoas da infraestrutura de rede e o equipamento necesario ,en función da capacidade orzamentaria e do financiamento acadado coas axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, solicitadas na convocatoria correspondente á Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación		
	Data prevista de finalización	29/12/2017		
	Persoa responsable	Equipo Decanal		
Finalización	Estado	En execución		
	Data estado	15/02/2017		
	Comprobación			
	Data comprobación			

Definición	Acción de mellora	Código	AMFC-3	
		Tipo	Propostas de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
		Análise causa	<p>A causa desta acción é a necesidade de substitución do equipamento informático empregado nas aulas de docencia expositiva.</p> <p>A maioría dos ordenadores destas aulas, despois de moitos anos de uso e sen poder renovarse por cuestións orzamentarias (aínda que se foron ampliando e substituíndo memorias e discos duros), xa teñen problemas para traballar cos programas actuais dun xeito dinámico e axeitado. Debido a isto é preciso renovar 8 destes equipos.</p>	
		Definición/descrición proposta	Renovación de 8 ordenadores das aulas de docencia expositiva.	
		Data prevista de finalización	29/12/2017	
		Data inicio	02/01/2017	
Responsables	Responsable da implantación	Equipo Decanal		
Tarefa	Código	AMFC-3.1		
	Descrición tarefa	Renovación de 8 ordenadores das aulas de docencia expositiva, en función da capacidade orzamentaria e do financiamento acadado coas axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, solicitadas na convocatoria correspondente á Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación.		
	Data prevista de finalización	29/12/2017		
	Persoa responsable	Equipo Decanal		
Finalización	Estado	En execución		
	Data estado	15/02/2017		
	Comprobación			
	Data comprobación			

Definición	Acción de mellora	Código	AMFC-4	
		Tipo	Propostas de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
		Análise causa	<p>A causa desta acción é a necesidade de substitución de equipamentos docentes, concretamente a renovación de proxectores de vídeo para a docencia nas aulas.</p> <p>Derivado do número de horas acumuladas de uso e das deficiencias na calidade da imaxe proxectada, que non se solucionan coa substitución de lámpadas novas, é preciso renovar os proxectores de vídeo existentes.</p> <p>O pasado curso académico, mediante o financiamento por axudas de calidade solicitadas a Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación, renovouse a metade destes proxectores. Débese continuar coa renovación dos proxectores no presente curso académico.</p>	
		Definición/descrición proposta	Renovación de 7 proxectores de vídeo para as aulas de docencia.	
		Data prevista de finalización	29/12/2017	
		Data inicio	02/01/2017	
Responsables	Responsable da implantación	Equipo Decanal		
Tarefa1	Código	AMFC-4.1		
	Descrición tarefa	Renovación dos 7 proxectores de vídeo das aulas de docencia que quedaron pendentes no curso anterior, en función da capacidade orzamentaria e do financiamento acadado coas axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, solicitadas na convocatoria correspondente á Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación		
	Data prevista de finalización	29/12/2017		
	Persoa responsable	Equipo Decanal		
Finalización	Estado	En execución		
	Data estado	15/02/2017		
	Comprobación			
	Data comprobación			

Definición	Acción de mellora	Código	AMFC-5	
		Tipo	Propostas de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
		Análise causa	<p>O pasado curso académico acondicionouse un espazo do edificio de laboratorios como aula seminario interactiva na que os alumnos puidesen traballar de acordo coas actividades marcadas polo profesor para o tratamentos de datos experimentais e consulta da información posta no campus virtual. Este aula dispón dunha conexión ou roseta de rede normal para uso docente pero non dispón de cobertura da rede wifi.</p> <p>Sería necesaria a instalación de cableado e dun emisor de rede wifi para que os alumnos puideran empregar os seus equipos e conectarse ao campus virtual e poder traballar cos datos que acaban de obter no laboratorio.</p>	
		Definición/descripción proposta	Instalar cableado e un terminal wifi para dar cobertura de rede a aula-seminario do edificio de laboratorios.	
		Data prevista de finalización	29/12/2017	
		Data inicio	02/01/2017	
Responsables	Responsable da implantación	Equipo Decanal		
Tarefa	Código	AMFC-5.1		
	Descrición tarefa	Instalación de cableado e dun terminal wifi para dar cobertura de rede a aula-seminario do edificio de laboratorios, en función da capacidade orzamentaria e do financiamento acadado coas axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, solicitadas na convocatoria correspondente á Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación.		
	Data prevista de finalización	29/12/2017		
	Persoa responsable	Equipo Decanal		
Finalización	Estado	En execución		
	Data estado	15/02/2017		
	Comprobación			
	Data comprobación			

Definición	Acción de mellora	Código	AMFC-6	
		Tipo	Informe de Seguimento	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
			Análise causa	Baixa matrícula no Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais. Mantemento da matrícula no Grao en Nutrición Humana e Dietética. O baixo numero de matriculados durante os últimos anos obriga a elaborar campañas de información para dar a coñecer e promocionar as titulacións do centro de acordo coas recomendacións derivadas do Plan de Viabilidade e do Proceso de renovación da acreditación dos títulos do Centro.
		Definición/descripción proposta	Promoción das titulacións do Centro: Esta acción, que se desenvolve cada curso académico, consiste na recepción de visitas de alumnos de ensino secundario, charlas, entrega de trípticos informativos e participación en actividades científicas desenvolvidas nos laboratorios da Facultade de Ciencias.	
		Data prevista de finalización	31/7/2017	
	Data inicio	01/09/2016		
Responsables	Responsable da implantación	Equipo Decanal Coordinadores de títulos de grao		
Tarefa	Código	AMFC-6.1		
	Descrición tarefa	Promocionar as titulacións do Centro a través de folletos informativos e actividades programadas en laboratorios para os alumnos de ensino secundario que visitan a Facultade de Ciencias. Para isto é necesario: <ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de trípticos. • Adquisición de material funxible e equipos de protección individual para laboratorio. A tarefa levarase a cabo en función da capacidade orzamentaria e do financiamento acadado coas axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, solicitadas na convocatoria correspondente á Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación.		
	Data prevista de finalización	31/07/2017		
	Persoa responsable	Equipo Decanal Coordinadores de títulos de grao		
Finalización	Estado	En execución		
	Data estado	15/02/2017		
	Comprobación			
	Data comprobación			

 FACULTADE DE CIENCIAS	MEMORIA DE CALIDADE 2015-2016 FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 24/03/2017 Páxina 38 de 39
---	--	---

4. Anexo: Informes de seguimento

Os informes de Seguimento das titulacións que se imparten na Facultade correspondentes ao curso 2015-16 atópanse dispoñibles no seguinte enlace:

http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/IS_2015-16